concello de ourense
CONCELLARÍA DE XUVENTUDE

# UNHA OLLADA AO CEO

CAMPAMENTOS ASTRONÓMICOS
ESCOLA LUNAR

## CAMPAMENTOS ASTRONÓMICOS

para mozos e mozas de 15 a 35 anos

OBSERVATORIO ASTRONÓMICO DE FORCAREI

Actividade: Observacións, obradoiros e rutas de sendeirismo
Datas: 8 e 9 de maio
Nº de prazas: 22
Prezo: 40 € (Pensión completa)

### INSCRÍBETE

Oficina Municipal de Información Xuvenil (OMIX)

Admisión por orde de entrega das solicitudes

Sabías que:

... o telescopio do Observatorio de Forcarei foi construído pola mesma empresa que o Telescopio Espacial Hubble?

... nesta instalación estanse a facer traballos de investigación para o Instituto de Astrofísica das Canarias?

... a cúpula do observatorio pode soportar ventos de até 400 km/hora?

... a cámara CCD do telescopio ten 11 millóns de píxeles?

## ESCOLA LUNAR

Observación astronómica urbana dende diferentes lugares da cidade. Ademáis dos telescopios, os espazos de observación estarán ambientados cunha pequena carpa onde se realizarán explicacións teóricas, unha lona cun mapa en grandes dimensións e unha esfera lunar para examinar en tres dimensións a xeografía da lua.

Lugar e datas:

Na Ponte Vella 15,18,21 e 24 de maio.
No Xardín do Posío 14,17,20 e 23 de xuño.
No Parque da Barbaña 8,11,14 e 17 de outubro.

Actividade gratuíta e sen inscrición.

### INFÓRMATE

**Oficina Municipal de Información Xuvenil (OMIX)**
Praza de San Martiño, nº 2 Baixo
T 988 388 154
xuventude@ourense.es
www.xuventudevoluntariado-ourense.es

A Oficina de Información Xuvenil resérvase o dereito de efectuar calquera modificación sobre a programación.

Sabías que:
... este observatorio foi o primeiro que abriu en Galiza con fins exclusivamente didácticos hai 10 anos?
...estas instalacións construíronse nos anos 60 para albergar a estación principal da cadea DECCA de radio-navegación?
...frente ao albergue están as minas dos Biocos, restos de explotacións auríferas romanas a ceo aberto?Visitaremolas.
...no mesmo concello de San Xoán de Río está a primeira paisaxe protexida de Galiza?

# CAMPAMENTOS ASTRONÓMICOS

para mozos e mozas de 15 a 35 anos

## OBSERVATORIO ASTRONÓMICO DOS BIOCOS

Actividade: Observacións, obradoiros e rutas de sendeirismo
Datas: 18 e 19 de setembro
Nº de prazas: 22
Prezo: 40 € (Pensión completa)

**INSCRÍBETE**

Oficina Municipal de Información Xuvenil (OMIX)
Admisión por orde de entrega das solicitudes



Neste ano 2010 cúmprense 400 anos da publicación do Sidereus Nuncius por Galileo Galilei. Por primeira vez, comúnicase a toda a poboación como é a Lúa, a existencia de montañas, cráteres, vales... rompendo coa separación clásica de Aristóteles entre o mundo sublunar e supralunar.
Agora, desde varios lugares da nosa cidade, poderás ollar a Lúa con telescopio. Poderás ollar as súas montañas, os seus cráteres e aprender de que material estan feitas as teorías da súa formación. E todo, grazas a varios telescopios modernos e desde o mesmo centro de Ourense.